



POR
Lois Pérez

O bardo da zurda

**Billy Bragg respon-
de ao arquetipo do
cantautor tradicio-
nal de esquerda.**

**Nacido nos su-
burbios de Essex,
medrou como can-
tautor escoitando
Dylan e The Clash.
Cantou contra o
thatcherismo, vi-
viu a miseria e viu
a luz musicando o
legado do lendario
Woody Guthrie
onda Wilco. Coren-
ta anos despois,
segue en pé de
guerra. Publica
en Anagrama 'Las
tres dimensiones
de la libertad', un
alegato pola demo-
cracia e os dereitos
cívís.**



OMECEMOS cunha
falsa distopía, moi
relacionada coa histo-
ria que queremos con-
tar: o intrépido filósofo e
científico John Galt, dende

o seu agocho nas Montañas Rochosas, move os
fíos dun movemento clandestino. Son Os Non
Saqueadores, emprendedores empresarios e
intelectuais que combaten alí onde poden Os
Saqueadores: a clase política e os cultos relixio-
sos. Estes defenden que a actividade económica
debe estar regulada e sometida a unha forte
imposición fiscal. Pero John Galt, o noso afouto
heroe, conducirá finalmente todos os empre-
sarios da nación aos centros de decisión econó-
mica, provocando entón a quebra do sistema.
Lidera esta rebelión o símbolo elixido por Galt
como estandarte da insurrección, o dólar. Así,
a súa man invisíbel librará os Estados Unidos
da ruína do intervencionismo.

Este é o argumento de 'A rebelión de Atlas',
novela de Ayn Rand, autora rusa emigrada a
Estados Unidos. A obra é a máxima expresión
do que se deu en chamar filosofía obxectivista,
desenvolta pola propia autora. Basicamente
postula que a realidade —o estado das cousas—
só se domina obedecéndoa. Que o propósito
moral da vida é a procura da propia felicidade
e o único sistema social consonte con este fin
é o capitalismo puro —chamado tamén capi-
talismo 'laissez-faire' (deixar facer)—. Un tal
Alan Greenspan foi testemuña da súa escrita,
décadas despois sería o gurú dos mercados.

'A rebelión de Atlas' viu a luz en 1957, talvez
en resposta a outra obra distópica duns anos
antes, 'Fahrenheit 451', escrita en 1953 por Ray
Bradbury. Aquí o autor pinta un mundo onde
os libros están prohibidos. O protagonista per-
tence a unha brigada dos bombeiros encargada
de queimalos. O Goberno considera que ler im-
pide a felicidade ao encher a xente de angustia.
Ao facelo, as persoas fanse diferentes, cando
deben permanecer iguais na ignorancia.

No ano da publicación da novela de Rand,
nace no Reino Unido Billy Bragg (Barking, Es-
sex, 1957), no seo dunha familia da clase traba-
lladora dos suburbios. Seu pai traballaba como
subdirector nunha fábrica de gorros e súa nai,
de orixe italiana, pertencía a unha familia de
froteiros. O país vive unha época de bonanza
económica asentada nas políticas keynesianas,
o imposto redistribuidor e o Estado de Benestar.
Mesmo o primeiro ministro, o conservador Har-
old Macmillan, chega a dicir que aos ingleses
nunca lles fora tan ben.

Con doce anos descubre a súa paixón pola
poesía, incitado por un profesor que o convida a
ler un poema da súa autoría nunha emisora da
radio local. Co veciño do lado, aprende a tocar
a guitarra. Soan os Faces, os Rolling Stones e o
skiffle de Lonnie Donegan, co seu 'Rock Island
Line'.

Como agroma nun adolescente a súa voca-
ción de cantautor?

A realidade non é máis cá expresión de fíos
invisíbeis e vasos comunicantes que se funden
coa vida. A man invisíbel. Sabemos que Dylan
é unha das influencias confesas de Bragg. E
sabemos tamén que Dylan visitou en 1960 a

XIRA POR EUROPA, ACTÚA POR CAUSAS BENÉFICAS E NO 84 É DETIDO NUNHA PROTESTA ANTIAPARTHEID

Woody Guthrie, moi enfermo e hospitaliza-
do en New York. Nese mesmo ano, ve a luz 'Os
fundamentos da liberdade', ensaio económico
do austríaco Friedrich Hayek. Nel afirmase que
o maior inimigo da liberdade é o regulacionis-
mo dos mercados. O neoliberalismo aínda non
ten nome. Pero unha Man Invisíbel, a mesma
que defendía outro pioneiro do libre merca-
do, Adam Smith, xa comezou a moverse. Case
vinte anos máis tarde, o libro de Hayek será
reivindicado por Thatcher ou Reagan.


A adolescencia de Bragg nos 60 estará mar-
cada por unha crise enerxética mundial que,
no Reino Unido, deixa un rastro de fábricas
pechadas, a quebra do ferrocarril e o colapso
da minaría do carbón, entre fortes disturbios
sociais. Deles, entre outras, nace a primeira
banda de Bragg, o grupo punk Riff Raff. No
mesmo ano debuta The Clash e un ano máis
tarde, en abril do 78, Bragg poderá constatar
como é posíbel integrar a música rock no mo-
vimento político de esquerdas. Será testemuña
dun dos entroidos do Rock Against Racism, con
concertos ao aire libre para centos de miles de
persoas, organizado por varios colectivos onda
a Liga Anti-Nazi. Un ano despois, Thatcher, da
man dos preceptos de Hayek, chega ao poder.


No 81, Bragg dissolve a banda e anda no paro,
ingresa no Exército, pero alí só dura tres meses.
No 82 bótase á estrada como cantautor, despraz-
zándose en medios públicos. Xa está no mesmo
sendeiro que outros percorreron antes ca el.
1931: no mesmo ano que a novelista rusa Ayn
Rand obtén a cidadanía estadounidense, un
novísimo cantautor e poeta chamado Woody
Guthrie atravesaba medio país dende Oklahoma
até California. Fluxe da seca canda granxeiros

e desempregados do Medio Oeste
e, fortemente impresionado por esa
convivencia, sela a súa adhesión ao mo-
vimento obreiro.

En 1983, Bragg grava unhas 'demos' que
sairán á venda como elepé, 'Life's A Riot With
Spy vs. Spy', editado en Charisma Records e
colleitando excelentes críticas. Principio del
formulario. Antes de acabar ese ano, ficha por
Go! Records, situándose no alto das listas inde-
pendentes e no número 32 das nacionais. Xirará
por Europa, actuando para causas benéficas e
no 84 é detido por unha sentada antiapartheid;
ve a luz 'Brewing Up With Billy Bragg', o seu se-
gundo álbum. E o terceiro, débelle o seu título
a un poema de Maiakovski, 'Talking with the
taxman about poetry' ('Falando sobre poesía co
inspector de facenda').

Acumula éxitos e recoñecementos e cara o
final da década, Bragg xa é un personaxe de
culto. Cómpre destacar 'Mermaid Avenue', gra-
vado xunto á banda Wilco, con cancións non





editadas do gran Woody Guthrie, entre elas a fermosísima 'California Stars'. O título que lle dá nome ao disco é o nome da rúa onde vivía a familia de Woody Guthrie en Brooklyn, Estados Unidos; unha sentida homenaxe ao pai dos cantautores protesta.

Mais paralelamente a isto, Bragg seguiu gañando prestixio até a actualidade tamén como ensaísta e divulgador, fuxindo de imaxes estereotipadas da estrela do rock —son soadas as súas críticas aos comportamentos filofascistas

de Morrissey—. Nun tempo onde cada vez hai máis pobreza, pero a xente ten fartura de conexión —á Rede—, Bragg segue defendendo a importancia dun equilibrio de poder que favoreza o groso da cidadanía.

No auxe do comportamento reaccionario e a moda da guerra contra a corrección política, Billy Bragg defende os valores da sinceridade, a igualdade e a responsabilidade como inseparábeis da conquista da liberdade. Xaora, esta nobreza de pensamento contrasta con tantos

pseudointelectuais e artistas por riba do humano e o divino, atarefados nas redes na súa obsesión pola xerarquía e a súa posición nela. Non admiten que se poñan en entredito os seus privilexios e prexuízos. Para eles, a liberdade é un concepto unidimensional e o único importante é defender o seu dereito a expresar unha opinión. Pero esixir que te escoiten ao mesmo tempo que te negas a escoitar non é liberdade de expresión, é ter carta branca para dicir o que queiras sen oposición nin consecuencias.

Cantábo Woody Guthrie en 'This land is your land': «Mentres estaban alí famentos/ quedei alí preguntando/ esta terra está feita para ti e para min/ cando ía camiñando/ vin alí un cartel/ dicía 'Sen violación'/ pero por outro lado/ non dicía nada/ ese lado foi feito para ti e para min».

A vida xira sempre arredor dunha pregunta: De cal lado estás? Do lado de quen escribe a Historia? Ou de quen a sofre?

MERMAID AVENUE

Billy Bragg

Discográfica Elektra Ano 1998
Duración 49 minutos Temas 15



Unha maravillosa caixa do tempo en forma de letras de cancións escritas polo gran Woody Guthrie na última etapa da súa vida e legadas case corenta anos despois a alguén digno de musicalas. Billy Bragg e Wilco compoñen un disco forte e delicado onde destaca a tristeza nostálgica e luminosa de 'California Stars'.